



Nº de expediente: SA301A 2018/ 11-1

Asunto: Resolución recoñecemento interés sanitario.

ANTECEDENTES

1.- En data 13/02/2018 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL núm.374739) a solicitude presentada por José Luis Andréu Sánchez en nome e representación da Sociedad Española de Reumatología na que se solicita o recoñecemento de interese sanitario para o Acto "XLIV Congreso Nacional de la Sociedad Española de Reumatología".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Que a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta, de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario (DOG núm. 6 do 10 de xaneiro de 2017) e no artigo 19 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 46 do 6 de marzo)

2.- Que, de acordo co disposto no artigo 1.a) da Resolución do 16 de febreiro de 2017 (DOG núm. 45 do 6 de marzo), delegase no xefe/a do Servizo de Xestión, entre outras funcións, a de resolver, conceder ou denegar o recoñecemento do interese sanitario dos actos de carácter científico

3.- Que examinada a documentación do expediente, reúne os requisitos establecidos na Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación:

RESOLVO:

1º.- Outorgar o recoñecemento de interese sanitario ao Acto "XLIV Congreso Nacional de la Sociedad Española de Reumatología", organizado pola Sociedad Española de Reumatología, que se vai celebrar en A Coruña os días 23, 24 e 25 de maio de 2018 e ordear a súa inclusión no rexistro de actos de carácter científico do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, conforme ao artigo 9 da Orde citada, implica a obriga para os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto, de remitir a esta xefatura territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

Contra esta resolución poderá interpoñer *recurso de alzada* ante o Sr. Conselleiro de Sanidade no prazo de *1 mes*, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de acordo co estipulado nos artigos. 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro).

A Coruña, 14 de febreiro de 2018

A xefa territorial

P.D. A xefa do Servizo de Xestión (Art. 1.a da Resolución do 16 de febreiro de 2017)

Marta Gil Pérez

